

SILVICULTURA

A Consellería do Medio Rural autoriza, no marco das axudas para a creación de superficies forestais en terras non agrícolas, o uso de planta de piñeiro taeda da **procedencia PTA311**.

En liñas xerais, a técnica de cultivo e manexo é similar á empregada para outras especies de piñeiro:

- **Preparación do solo:** recoméndase subsolado profundo (40–60 cm lineal). En solos moi ácidos, é conveniente aplicar fertilización fosfatada.
- **Plantación:** densidade inicial de 1.000 e 1.300 plantas/ha. O crecemento inicial pode ser lixeiramente máis lento co de *P. pinaster*. É imprescindible o control da vexetación competidora durante os tres primeiros anos.
- **Poda:** dado que non presenta verticilos claramente definidos, a poda debe realizarse arredor dos 6–7 anos para reducir a nodosidade e favorecer a produción de madeira de maior calidade.
- **Rareos:** o primeiro rareo debe efectuarse aos 13–15 anos, eliminando aproximadamente o 30 % das árbores, para acadar unha densidade final de 800 árbores/ha.

Silvicultura de *Pinus taeda* Fases do cultivo e manexo



Figura 3.- Repoboación aos 6 anos e próximos a fin de quenda

RISCOS

Pragas e enfermidades

- Aínda que ata agora considerábase resistente, nos últimos anos estase vendo afectada pola banda marrón nalgúns estados de EEUU, o que indica que o piñeiro taeda pode ser susceptible a este patóxeno fora da área de orixe. Esta circunstancia debe terse en conta ao avaliar o seu comportamento sanitario en Galicia, aínda que ata a data non está a verse afectada no noso país.
- Tamén é susceptible aos escolítidos e á procesionaria do piñeiro, especialmente en estacións menos fértiles.

USOS DA MADEIRA

- A súa madeira é lixeira, moi flexible e resistente. Polo seu alto crecemento xuvenil, considérase como unha madeira con prestacións similares á do piñeiro radiata, para a trituración, o serrado para palés, embalaxes lixeiros, paneis, etc.

CONCLUSIÓNS

A súa adaptación ao solo e clima locais son claves para o éxito, que depende da elección das procedencias mais adecuadas. O piñeiro taeda representa unha oportunidade para diversificar os montes galegos, mellorar a súa rendibilidade e contribuír á sustentabilidade do sector forestal. Con todo, trátase dunha especie de alta produtividade pero tamén con importantes esixencias edafoclimáticas, polo que non se pode plantar en calquera lugar nin de calquera maneira.

Por este motivo, recoméndase sempre planificar a plantación con asesoramento técnico especializado, tanto da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural como do CIF de Lourizán, da Consellería de Economía e Industria. Unha boa planificación e seguimento técnico son a mellor garantía para que o investimento sexa rendible, sostible e axeitado ás condicións de cada monte.

Contacto: Centro de Investigación Forestal de Lourizán.
Estda. de Marín, km. 3,5. 36153 Pontevedra.

Teléfono: 986 805 000 <https://lourizan.xunta.gal/gl>

SABER MAIS

<https://mediorural.xunta.gal/gl/recursos/publicacions>
<https://lourizan.xunta.gal/gl/actualidade/transferencias>

O Piñeiro TAEDA



**Avaliación
do seu potencial
forestal en Galicia**

INTRODUCCIÓN

As masas de piñeiro en Galicia presentan unha vulnerabilidade crecente fronte a diversos patóxenos. Preocupan principalmente os fungos causantes da banda vermella (*Dothistroma septosporum*, *D. pini*) e marrón (*Lecanosticta acicola*) e o nematodo da madeira (*Bursaphelenchus xylophilus*). Todos eles comprometen de forma severa a lonxevidade e rendemento das masas de piñeiro radiata e pinaster respectivamente.



Figura 1.-Piñerais afectados polas bandas (esquerda) e polo nematodo (dereita)

O piñeiro taeda (*Pinus taeda*), orixinario do sueste dos Estados Unidos, está a consolidarse como unha alternativa forestal en rexións atlánticas de Francia, ao tratarse dunha conífera de alto crecemento e boa resistencia ao vento, mais cunha madeira de menor calidade ca do piñeiro pinaster, e é esixente no seu sitio de plantación.

A nivel mundial, é unha das especies comercialmente importantes, xa que pode crecer moi ben fóra do seu rango natural en lugares como Nova Zelandia, Sudáfrica, Uruguai, etc.





Figura 2.- Distribución do piñeiro taeda na súa área orixinal en EEUU e na zona atlántica de Francia.

O PIÑEIRO TAEDA EN GALICIA

A integración do piñeiro taeda nos sistemas forestais de Galicia amosa un elevado potencial, debido principalmente á súa resistencia ou tolerancia a axentes patóxenos como o nematodo da madeira e a banda vermella. Destaca tamén pola súa boa compatibilidade co sector madeireiro galego, polas características tecnolóxicas da madeira e a súa rendibilidade en quendas curtas - medias. Ademais, non se observan impactos negativos sobre a paisaxe nin riscos para a biodiversidade. Porén, existen aínda incertezas sobre a súa resposta fronte á banda marrón, a posibles pragas locais e a súa adaptación a certas condicións edafoclimáticas.

Na actualidade, a única procedencia comercial dispoñible en Galicia é a denominada PTA311 Façade Atlantique, procedente de rodaís selectos franceses. Esta foi seleccionada pola súa resistencia ao frío e polo seu bo crecemento e ramificación. A crecente preocupación dos propietarios forestais e silvicultores polo decaemento do piñeiro radiata impulsou aos viveiros galegos a incorporar esta procedencia como alternativa forestal.

A PTA311 é unha procedencia de luz que require un mínimo de 800 mm de precipitación anual ben distribuída. Non é axeitada para estacións con seca estival. Recoméndase para chans profundos, fértiles, ben drenados, sen calcaria activa nin auga superficial, altitudes por debaixo dos 400 metros. En condicións óptimas, a especie ten un crecemento vigoroso, que permite ciclos de corta curtos (20 e 25 anos), e ofrece boa estabilidade mecánica fronte ao vento.




AVALIACIÓN DO COMPORTAMENTO DE PIÑEIRO TAEDA EN GALICIA

É preciso realizar estudos a curto, medio e longo prazo para avaliar o comportamento do piñeiro taeda en Galicia e reducir os riscos da súa introdución. E continuar coa avaliación silvícola en diferentes zonas de Galicia.

O Centro de Investigación Forestal de Lourizán (CIF de Lourizán) está avaliando o potencial produtivo e de adaptación deste piñeiro en Galicia mediante tres liñas principais: a revisión de plantacións históricas para coñecer o seu comportamento; a instalación de ensaios de procedencias en distintas zonas edafoclimáticas, coa participación do sector; e a elaboración dun plan de seguimento que inclúa o rexistro de novas repoboacións, co fin de obter datos sobre crecemento, adaptabilidade e sanidade.

Explorando o Potencial do Piñeiro Taeda en Galicia



O CIF de Lourizán está a traballar coa semente francesa, PTA311, e con outras sementes importadas, en busca daqueles materiais máis adaptados a Galicia.